



**CONSELLO DA
CULTURA GALEGA**
OBSERVATORIO DA
CULTURA GALEGA

Web
consellodacultura.org

Twitter:
[@consellocultura](https://twitter.com/consellocultura)

Facebook:
facebook.com/consellocultura

Correo:
medios@consellodacultura.org

Telf:
+34 981 95 72 02

15/10/2013

Panorama estatístico do Cine

1. Introducción

As novas tecnoloxías están a experimentar nos últimos anos un avance espectacular que constrúe novas infraestruturas de información e que cuestionan o modelo audiovisual tradicional. Como consecuencia desta reconversión, os sectores do cine e do vídeo atópanse nun momento moi delicado, no que inflúe por unha banda a crise económica e por outra a gran oferta da que dispón o espectador de hoxe en día. O cine e o mercado do vídeo, por exemplo, experimentan un descenso xeneralizado. O que é un feito incuestionable é que o cambio tecnolóxico e a substitución de soportes, virou drasticamente a elección e o consumo dos potenciais consumidores de medios audiovisuais.

2. Marco conceptual

Neste informe analízanse os indicadores máis significativos da actividade cinematográfica en Galicia como a produción, exhibición, distribución, infraestructura, recadación ou difusión, entre outros. A fonte de información utilizada para a meirande parte destes datos é a Estatística de Cinematografía desenvolvida pola Subdirección Xeral de Fomento da Industria Cinematográfica e Audiovisual, do Instituto de Cinematografía e das Artes Audiovisuais (ICCA), dependente do Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Esta estatística, que pertence ao Plan Estatístico Nacional, é de carácter continuo, cun período de referencia dun ano natural. O seu obxectivo fundamental céntrase na obtención de información sobre as áreas de produción, exhibición, distribución e protección cinematográfica.

Produción: proporciona datos sobre empresas produtoras de cine, o seu emprazamento nas distintas comunidades autónoma e o número de películas producidas.

Distribución: refírese á actividade das empresas distribuidoras e a nacionalidade das películas que se distribúen.

Exhibición: recolle o número de espazos, tanto as infraestruturas como cines e salas de exhibición, como a súa actividade: películas estreadas e exhibidas, número de espectadores, recadación etc.

Así mesmo, para obter estes datos teñense en conta as seguintes variables: empresas produtoras e distribuidoras de cine con actividade; cines e salas de exhibición; películas estreadas ou exhibidas, espectadores, e recadación.



Ademais, tamén se expoñen datos relativos a festivais e difusión internacional que son facilitados pola Subdirección Xeral de Promoción e Relacións Internacionais.

3. Principais conceptos e delimitación do ámbito da explotación estatística

Cine: conxunto de salas de proxección de películas ubicadas nun mesmo domicilio con un sistema único de xestión de taquillas, que permite o control da programación e venda das distintas salas.

Sala: cada un dos locais ou espazos ao aire libre no que se leva a cabo unha proxección cinematográfica. Hai que ter en conta que un cine pode ter unha ou máis salas de cine.

Estrea: película distribuída por primeira vez.

4. Marco legal

As normas legais vixentes para a elaboración desta explotación estatística específica son:


- Ley 55/2007, do 28 de decembre, do Cine, que no seu artigo 7 establece a obrigabilidade das empresas dedicadas á actividade cinematográfica e audiovisual, produción, distribución, exhibición, a súa inscrición no 'Registro Administrativo de Empresas Cinematográficas y Audiovisuales' integrado no 'Instituto de la Cinematografía y de las Artes Audiovisuales'
- Real Decreto 2062/2008, de 12 de diciembre, polo que se aproba o Regulamento polo que se desenvolve a Lei do Cine. Nel desenvólvese o rexistro mencionando no punto anterior, así como os requisitos de inscrición e régúlase a actividade das salas de exhibición cinematográfica, establecendo os mecanismo de control sobre a asistencia de espectadores e os redimentos económicos obtidos pola películas exhibidas nestas.
- Orden CUL/2834/2009, do 19 de decembro, nas materias de recoñecemento do custo dunha película e investimento do produtor; establecemento das bases reguladoras das axudas estatais, e estrutura do rexistro administrativo de empresas cinematográficas e audiovisuais.

5. Cine

Os datos de asistencia a salas de exhibición de cine levan en caída case ininterrompida dende 2004. Como era de esperar a crise económica non beneficiou ao sector, pese a un pequeno rebrote na asistencia en 2012. Así, cómpre salientar que entre o 2004, no que se rexistra a cifra total máis elevada de espectadores de cine en Galicia, 5,9 millóns, e o 2008 o número de espectadores descendeu en 2 millóns, aínda que volveu remontar un pouco en 2012 situándose nos 3,8 millóns. Comparativamente, os datos son peores que no resto de España, onde a asistencia media por habitante se sitúa en 2,0. Galicia, con 1,4 ocupa o antepenúltimo lugar só por diante de Extremadura e Ceuta e Melilla.




Gráfico 1. Espectadores de cine en Galicia. 2000-2012



Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Instituto de Cinematografía y de las Artes Audiovisuales. Estadística de Cinematografía: Producción, Exhibición, Distribución y Fomento.

É interesante o feito de que entre 2000 e 2012 aumentou o número total de espectadores de películas españolas, mentres que descenden o de películas estranxeiras, tal como se pode observar na seguinte gráfica. Isto acontece tanto en Galicia coma no conxunto de España.

Gráfico 2. Espectadores de películas españolas e estranxeiras. 2000-2012 (millóns de espectadores)






No caso das películas españolas, no conxunto do Estado o número de espectadores aumenta 4,9 millóns, o que supón un 26,8% de incremento neste período, mentres que en Galicia aumenta nun 60%. Pola contra, no que se refire ás películas estranxeiras o número total de espectadores diminúe nunha proporción semellante tanto en Galicia (37,5%) coma no conxunto de España (37,6%), contabilizándose unha redución total de 45,8 millóns de espectadores.

Un dato que contrasta con esta situación é o número de empresas produtoras con actividade en Galicia que, segundo a estatística de cinematografía, supuxeron o 7,7% do total de España en 2012. Galicia foi a terceira comunidade por este indicador, empatada co País Vasco. Dende o inicio da crise o número de produtoras creceu, pasando de 15 en 2008 a 19 en 2012, aínda que en 2011 pecharon 6 produtoras.

O peche de cines en Galicia segue unha tendencia firme. En 2012 había 38 cines, tres menos que en 2008. Pola contra, o número de salas de exhibición aumenta en 29. Esta tendencia é similar á que se rexistra no conxunto de España, onde o número de salas por cine era de 2,7 no ano 2000 e de 4,6 en 2011. Isto ocorre pola tendencia de abrir cines multisala, mentres se pechan cines tradicionais. En canto ao número de salas por 100.000 habitantes, estas chegaron a ser de 7,9 en 2005, situándose en 7,0 en 2012, un número algo superior a 2011. O auxe da oferta prodúcese ata 2005 e dende ese momento comeza a minguar. Ademais é curioso constatar unha contención que empeza coa crise económica.

Gráfico 3. Salas de exhibición



Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Instituto de Cinematografía y de las Artes Audiovisuales. Estadística de Cinematografía: Producción, Exhibición, Distribución y Fomento.



O número de películas exhibidas na comunidade galega descendeu progresivamente entre 2005 e 2012. Nese primeiro ano de referencia os galegos tiveron á súa disposición unha carteleira de 525 títulos fronte aos 432 de 2012, acentuándose a caída de xeito notorio nos anos que marcan o comezo da crise económica. Así, vemos, por exemplo, como en 2009 cae a proxección de películas un 21% respecto a 2005, ano no que os galegos contaron co maior número de títulos en carteleira de toda a década. En 2012 aparece unha pequena suba respecto do ano anterior, situándose o total de películas exhibidas en 432.

Proporcionalmente Galicia tamén descende fronte ao conxunto do Estado, xa que na primeira anualidade desta serie temporal podían verse nos cines galegos un 30% das longametraxes estreadas en España e na actualidade un 25%.

En todas as comunidades autónomas descende o número de películas exhibidas, a excepción de Cantabria. Galicia, tras Valencia, Aragón, Ceuta e Melilla, e Canarias é a quinta comunidade autónoma máis afectada no que a este indicador se refire.

Outros interesantes son que se refiren aos festivais de cine celebrados en España, dos cales si se pode constatar que sufriron un recorte notable, probablemente polo feito de que este tipo de eventos culturais reciben financiamento público. Así, tal como se observa na seguinte táboa, no período que vai entre 2003 e 2011, o número total de festivais de cine organizados en España reduciuse nun 64,1%, porcentaxe que se traduce nun total de 143 festivais.

Táboa 1. Festivais de cine (2003-2011)

	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011
Total España	223	242	213	209	212	181	240	158	80
Galicia	5	5	4	4	5	4	7	11	6

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Instituto de Cinematografía y de las Artes Audiovisuales. Subdirección General de Promoción y Relaciones Internacionales.

Galicia, xunto con Castela-León son as únicas comunidades autónomas que aumentan o número de festivais de cine entre 2003 e 2011, aínda que en 2011 sufriron as dúas un recorte dun 45% con respecto a 2010. En Galicia isto pode explicarse porque en 2010 celebrouse o Ano Santo Compostelán.

Pola súa parte, a recadación experimentou unha alza significativa a partir de 2008, posiblemente polo encarecemento do valor das entradas, tal e como evidencia o gasto medio por espectador. Galicia é a cuarta comunidade autónoma na que máis aumentou este gasto; o público galego desembolsou en 2010 máis do dobre que en 2000 (6,7 euros fronte a 3,6 euros por entrada). Máis concretamente, nos últimos catro anos a media subiu nun euro en Galicia, situándose nun valor absoluto superior ao da media nacional. Ademais, a comunidade galega xunto coa canaria foron as que experimentaron o maior incremento do gasto nesta década. A partir de 2010, o prezo medio tende a estabilizarse.

Táboa 2. Recadación, gasto medio por espectador e gasto medio por habitante

	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012
Recadación. Valor	España 636,2	643,7	619,3	671	662,3	635,8	614,2




absoluto								
(millóns de euros)	Galicia	23,5	22,3	22	25,2	24,6	24,4	24,7
Gasto medio por espectador	España	5,2	5,5	5,7	6,1	6,5	6,5	6,5
(euros)	Galicia	5,1	5,4	5,6	6,0	6,7	6,6	6,6
Gasto medio por habitante (euros)	España	14,5	14,5	13,7	14,6	14,4	13,8	13,3
	Galicia	8,6	8,2	8,1	9,2	9,0	8,9	9,1

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Instituto de Cinematografía y de las Artes Audiovisuales. Estadística de Cinematografía: Producción, Exhibición, Distribución y Fomento.

Comparando este incremento co IPC (base 2011) temos os seguintes resultados:

Gráfico 4. Variacións de prezo en tres indicadores



Fonte: elaboración propia a partir do Instituto Nacional de Estadística e o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte

Como se pode apreciar, mesmo antes da suba do IVE o aumento do custo medio das entradas é moi superior ao índice xeral e incomparable co indicador de ocio e cultura que é deflacionista. Con todo, e como xa salientamos, é moi destacable a estabilización do gasto medio por espectador dende 2010.

No que respecta á produción de cine en Galicia, o número de longametraxes producidas ou coproducidas por empresas galegas aumentou algo nos últimos anos aínda que o público asistente variou moito, dependendo das películas estreadas. Así, por exemplo, a película Celda 211, protagonizada polo actor galego Luis Tosar acadou marcas de público e recadación e de número de espectadores en Galicia e no conxunto do Estado en 2009. En 2010 tivo tamén moito éxito de público a película También la lluvia, de Icíar Bollaín, coproducida por Vaca Films Studio, S.L.¹

¹ Pódese ampliar esta información en “A Comunicación en Galicia 2013”
<http://www.consellodacultura.org/mediateca/documento.php?id=1900>




Táboa 3. Produción e coproducións de longametraxes galegos

	2009	2010	2011	2012
Número de longametraxes estreadas	7	11	11	10
Espectadores	2.780.123	912.737	320.092	408.155
Recadación	16.996.451,23	5.683.315,31	1.904.512,28	2.444.188,78

Fonte: Secretaría de Estado de Cultura

O mercado laboral das actividades cinematográficas e relacionadas sofre oscilacións importantes no período que vai dende xaneiro de 2008 e setembro de 2013, probablemente relacionada cunha estabilidade laboral baixa. En calquera caso, a tendencia é decrecente, perdéndose un -22% dos empregos, cifra moi superior á destrución de emprego total no mesmo período (-13%). O dato máis positivo é que as afiliacións á seguridade social aumentan nesta rama de actividade nos últimos 7 meses.

Gráfico 5. Evolución da afiliación mensual de traballadores á Seguridade Social en Actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión, gravación de son e edición musical entre xaneiro de 2008 e setembro de 2013.



Fonte: Instituto Galego de Estatística. Afiliacións á Seguridade Social

Seguindo co mercado laboral analizamos as características que conforman os perfís profesionais. Así, podemos dicir que o grupo conformado polos actores son homes de entre 26 e 35 anos, con formación B.U.P / Bacharelato Superior / C.O.U e residentes na comarca de Santiago, principalmente. Os demandantes de emprego teñen un perfil similar. Nos últimos meses de 2012 a tendencia á contratación é á alza, pero cunha gran irregularidade. Dá conta da



pouca estabilidade desta profesión o feito de que a media de 1.214 contratados anuais asinan máis de 4890 contratos. Algo semellante acontece cos directores aínda que en menor número.

Na escala técnica podemos apreciar unha pequena tendencia á alza nos últimos 21 meses, despois de varios de caída. Por exemplo, os técnicos de gravación audiovisual chegan a ser 738 de media, pero amosan igualmente unha gran inestabilidade. Os demandantes deste tipo de ocupacións tenden a aumentar.

En relación estreita con este dato anterior atopamos a información sobre empresas. Os datos de empresas con actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión aínda que experimentaron unha lixeira subida en 2011, caen de novo a niveis por debaixo de 2010.

Táboa 3. Empresas con actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión segundo estrato de asalariados en Galicia

	2008	2009	2010	2011	2012
Total	331	351	312	327	311
Sen asalariados	146	174	156	169	143
De 1 a 2 asalariados	100	100	89	82	89
De 3 a 5 asalariados	33	33	25	37	37
De 6 a 9 asalariados	24	19	20	14	24
De 10 a 19 asalariados	11	9	8	12	8
De 20 a 49 asalariados	6	6	7	9	5
De 50 a 99 asalariados	3	3	3	1	3
De 100 a 199 asalariados	6	7	4	3	1
De 200 a 499 asalariados	1	0	0	0	1
De 500 a 999 asalariados	1	0	0	0	0

Fonte: Instituto Nacional de Estadística. Directorio Central de Empresas

A maioría das empresas de nova creación son microempresas. Os movementos do directorio de empresas indican que, en xeral, estas tenden a ser menos e a ter menos traballadores no seu cadro de persoal. Por outra banda, obsérvase que en 2012 pecháronse 16 deste tipo en Galicia con respecto a 2011, o que supón o menor número de empresas desde 2008, no que había 331.